

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025
Enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Galego**" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO

1. Indica a opción correcta en galego.

- A) Persoal fixo da mesma categoría e especialidade.
- B) Personal fixo da mesma categoría e especialidade.
- C) Persoal fijo de la mesma categoría e especialidade.
- D) Personal fixo da mesma categoría e especialidad.

2. Indica a opción que se corresponde coa seguinte definición: sentimento de tristeza no ánimo, producido por un desengano ou un suceso adverso.

- A) dor.
- B) preguiza.
- C) saudade.
- D) desidia.

3. Indica a opción correcta de escribir o número 1050

- A) mil cincuenta.
- B) mil cinco centos.
- C) mil quinientos.
- D) mil cinconta.

4. Indica a opción que se corresponde coa seguinte definición: Abrir o día, aparecer a luz do Sol pola mañá.

- A) alvorear.
- B) amencer.
- C) entre lusco e fusco.
- D) empardecer.

5. Indica a opción que se corresponde coa seguinte definición: estación máis calorosa do ano, que segue á primavera e precede ao outono e que no hemisferio norte vai desde o vinte e un ou vinte e dous de xuño ata o vinte e dous ou vinte e tres de setembro.

- A) vrán.
- B) estío.
- C) verano.
- D) serán.

6. Indica a opción correcta en galego.

- A) a aprobación del Plan de Salud de Galicia levouse a cabo en decembro.
- B) a aprobación do Plan de Saúde de Galicia levouse a cabo en decembro.
- C) la aprobación do Plan de Saúde de Galicia se ha llevado a cabo en decembro.
- D) a aprobación do Plan de Saúde de Galicia lebouse a cabo en diciembre.

7. Indica a opción correcta de escribir o número 16

- A) dazaseis.
- B) dezaseis.
- C) dazaséis.
- D) desaseis.

8. Indica a opción correcta en galego.

- A) sempre que puidese, evita a soledade.
- B) sempre que puida, evita a soledade.
- C) sempre que podo, evito a soidade.
- D) sempre que podo, he evitado a soidade.

9. Indica a opción que se corresponde coa seguinte definición: persoa que, respecto doutra, é filla dos mesmos pais ou só do mesmo pai ou da mesma nai.

- A) curmá.
- B) irmán.
- C) irma.
- D) primo carnal.

10. Indica a opción que se corresponde coa seguinte definición: persoa que ten moita idade.

- A) avó.
- B) anciano.
- C) rapaz.
- D) ancián.

Preguntas de reserva

11. Indica a opción correcta en galego.

- A) No tuvo en conta al xefe do seu servizo.
- B) No tivo en cuenta ao xefe de su servizo.
- C) Non tuvo en conta al xefe do seu servizo.
- D) Non tivo en conta ao xefe do seu servizo.

12. Indica a opción correcta en galego.

- A) tratamento por inhalacion de aerosois.
- B) tratamento por inalación de aerosoes.
- C) tratamento por inalación de aerosoles.
- D) tratamento por inhalación de aerosois.

